

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 26 DE MARZO DE 2012

### LICENZAS

#### EDIFICACION.-

**LAP/249/2011 E LIC/1596/2011.- ALMA-ZEN BARBANZA, SL.-** Conceder licenzas para obras de rehabilitación e apertura de albergue na rúa do Preguntoiro nº 10

**LIC/2260/2011.- PEDRO BOTANA IGLESIAS.-** Conceder licenza para construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Torreira de Arriba.

**LIC/1948/2010.- PLACIDO DIAZ TOIRAN.-** Conceder licenza para ampliación dun edificio de vivendas na rúa de San Lázaro nº 97

**LIC/9/2009.- ANGEL REY IGLESIAS.-** Aceptar a cesión e conceder a licenza para construción dunha vivenda unifamiliar en rúa Coto da Nai.

#### PRÓRROGA.-

**LIC/402/2012.- MARÍA TERESA NIEVES MUNIN.-** Conceder a prórroga da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 17/03/2009 para construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Piñeiro do Eixo.

#### DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

**LIC/415/2012.- MARIA JESUS OTERO CARBALLIDO.-** ..... LIC/625/2007 ... 1.500 €.-

**LIC/336/2012.- CANDIDO LOPEZ BARGO.-** ..... LIC/1446/2010 ..... 1.200 €.-

#### **4.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social Muller e Emprego relativa a axudas de carácter social.**

A XGL rexeitou diferentes solicitudes de exención en taxas municipais por non cumprir os requisitos exixidos nas Ordenanzas.

#### **5.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego relativa á solicitude de autorización da axencia local de colocación á Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.**

A XGL aprobou tramitar a solicitude á Xunta de Galicia para pór en marcha de maneira definitiva a Axencia Local de Colocación de Santiago de Compostela.

#### **6.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación da Concesión de bens de uso público municipal na Alameda para a colocación de postos durante as festas da Ascensión e do Apóstolo 2012**

A proposta do concelleiro de Festas, a XGL aprobou o prego de contratación para a Concesión de bens de uso público municipal na Alameda para a colocación de postos durante as festas da Ascensión e do Apóstolo 2012. O canon mínimo a satisfacer o Concello será de 119.950,60 €.

#### **7 a 20.- Proposta da concelleira delegada de facenda, orzamentos e contratación relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles, sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto do lixo, na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.**

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

#### **21.- Proposta da concelleira delegada de Facenda, Orzamentos e Contratación relativa á estimación de recurso extraordinario de revisión.**

A XGL estimou un recurso de reposición da empresa BERTHA HOGAR S.L. xa que queda acreditado o erro no cálculo dunha bonificación sobre a cuota tributaria.

**22.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á recepción das obras de urbanización executadas polo propietario da parcela 1 da normalización de predios da rúa Betanzos.**

Procédese á recepción das devanditas obras.

**23.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago para sufragar os gastos derivados da súa condición de Capital da Comunidade Autónoma de Galicia.**

Aprobouse a proposta da Alcaldía pola que se deu o visto bo ao texto do Convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello para sufragar os gastos que se deriven dos servizos que ten que dar o Concello como sede da capital da autonomía e das institucións autonómicas. O importe que achegará a Xunta é de 2.703.000 €.

**URXENCIA**

1.- Solicítase á Xunta a declaración de Festa de Interese Nacional para a festa dos Xenerais da Ulla.